



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
FRANCISCO ASOREY



Fondo Social
EUROPEO

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

IES Francisco Asorey

Texto revisado e actualizado en xuño de 2026

As normas de organización e funcionamento teñen por obxecto establecer as normas de convivencia entre os diferentes sectores que compoñen a comunidade educativa, recoller os dereitos que cada un deles posúe, formular os mecanismos de representación e ser un instrumento que axude á formación humana e académica do alumnado.

Este documento aplica e desenvolve o recollido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, a Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

ÍNDICE

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS.....	5
TÍTULO II: ASISTENCIA E PUNTUALIDADE.....	6
TÍTULO III: GARDAS.....	10
TÍTULO IV: NORMAS DE CONVIVENCIA.....	11
CAPÍTULO I: Disposicións xerais.....	11
CAPÍTULO II: Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.....	15
CAPÍTULO III: Medidas correctoras.....	18
CAPÍTULO IV: Procedemento para a imposición das medidas correctoras.....	21
CAPÍTULO V: Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.....	23
CAPÍTULO VI: Procedemento conciliado de resolución de conflitos.....	23
TÍTULO V: NORMAS DE USO DOS DISTINTOS ESPAZOS DO RECINTO ESCOLAR E DO MATERIAL DO CENTRO.....	26
CAPÍTULO I: Disposicións xerais.....	26
CAPÍTULO II: Aulas.....	26
CAPÍTULO III: Aseos.....	28
CAPÍTULO IV: Biblioteca.....	28
CAPÍTULO V: Sala de profesores.....	30
CAPÍTULO VI: Cafetería.....	30
CAPÍTULO VII: Salón de actos.....	31
CAPÍTULO VIII: Patios.....	31
CAPÍTULO IX: Aparcadoiro.....	31
CAPÍTULO X: Pavillón.....	32
TÍTULO VI: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	33
TÍTULO VII: EMERXENCIAS.....	36
TÍTULO VIII: PROBAS ESCRITAS.....	37
TÍTULO IX: REUNIÓN.....	37
TÍTULO X: COMUNICACIÓN ELECTRÓNICAS.....	38

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1

Todos os membros da comunidade educativa do IES Francisco Asorey deberán cumprir e respetar as normas de organización e funcionamento que aquí se establecen.

Os órganos de goberno deste centro velarán polo correcto cumprimento das normas de organización e funcionamento e adoptarán as medidas preventivas necesarias para garantir a súa efectividade. Así mesmo, os pais, nais e representantes legais dos alumnos deberán colaborar no seu cumprimento.

Artigo 2

Estas Normas poderán ser modificadas a petición do equipo directivo do centro ou da maioría de calquera dos colectivos aos que afecta, petición que se realizará ante o Consello Escolar, e que deberá aprobala por maioría absoluta dos seus membros.

TÍTULO II: ASISTENCIA E PUNTUALIDADE

Artigo 3

Todos os membros da comunidade educativa deben cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro, así como cumprir con puntualidade as súas obrigas.

Calquera alteración previsible da actividade académica habitual, deberá ser comunicada aos membros da comunidade educativa afectados coa máxima antelación posible.

Artigo 4

O alumnado debe agardar ao profesorado na aula correspondente (fóra se a porta está pechada e dentro se está aberta). Cando por necesidades académicas sexa obrigado o cambio dunha dependencia a outra, farase coa máxima dilixencia.

Se pasados 10 minutos do comenzo da sesión, non se producira a comparecencia do profesor ou profesora, o delegado ou representante do grupo comunicará en Conserxería ou ao profesorado de garda esta situación. Será responsabilidade do profesorado de garda tomar as medidas oportunas e indicarlle ao grupo o que proceda: quedar na aula ou saír a algunha outra dependencia do centro acompañados por un profesor. Calquera outra medida será comunicada con antelación suficiente ao equipo directivo.

Artigo 5

Se transcorridos 10 minutos desde que sone o timbre para dar inicio a clase algún alumno ou alumna non está presente, anotaráselle como falta de asistencia na materia correspondente no parte diario de faltas. Se chega antes de 10 minutos, anotaráselle como falta de puntualidade. Se os retrasos son reiterados o alumno ou alumna deberá ser enviado á Xefatura de Estudos. En calquera caso, cando un alumno ou alumna acumule 4 retrasos, será apercibido e amoestado verbalmente, e o titor/titora informará desta situación ao seu pai, nai ou representante legal.

Artigo 6

O profesorado de cada materia será o responsable de rexistrar na aplicación XADE as inasistencias e/ou retrasos do alumnado no mesmo día en que se produzan, preferiblemente na propia sesión de clase. En caso de ausencia do profesor da materia, o profesorado de garda anotará as faltas nun parte físico que poderá recoller en conserxería persoalmente ou a través do delegado do grupo. Este parte será depositado novamente na conserxería polo profesor ao rematar a garda.

Artigo 7

O titor deberá custodiar os partes físicos de faltas do alumnado e asegurarse de introducir en XADE as faltas sinaladas polo profesorado de garda o antes posible. De ser o caso, a xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado será rexistrada en XADE polo profesorado titor, unha vez acreditada por parte da nai, pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado.

Artigo 8

Cando por calquera razón xustificada un alumno ou unha alumna menor de idade precise ausentarse do Centro deberá ser en compañía do seu pai, da súa nai, dunha persoa titora legal ou dun adulto debidamente autorizado, quen será o responsable do acompañamento e custodia do menor durante os períodos nos que se ausente. En calquera caso a persoa adulta responsable cumprimentará a documentación que se lle requira en conserxería.

Artigo 9

Consideraranse causas xustificadas para non asistir a clase as seguintes:

CAUSA	XUSTIFICACIÓN
Asistencia a consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves da alumna/o.	Xustificación emitida pola nai, pai ou persoa titora legal. Non é necesario achegar xustificante médico.
Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de ata segundo grao.	Se o centro considera que a xustificación non é suficiente, por se producir de forma recorrente e continuada no tempo, excedendo dos 4 días ao mes , poderase solicitar unha xustificación complementaria.
Enfermidades ou doenzas crónicas da alumna/o que impliquen faltas de asistencia de forma periódica.	Informe médico que terá validez, como máximo, por un curso académico.

CAUSA	XUSTIFICACIÓN
Citacións da alumna/o que impliquen un deber ineludible de carácter oficial ou persoal.	
Asistencia a exames ou probas de carácter oficial ou similares.	<u>Xustificante de asistencia</u> emitido polo organismo correspondente. Ausencia xustificable polo tempo necesario.
Tramitación de documentos oficiais (DNI, pasaporte, outros).	
Outras ausencias (participación en competicións oficiais, actividades artísticas, relacionadas co mundo académico, causas de forza maior)	Documento que poida acreditar a circunstancia que xustifique a ausencia. O centro educativo disporá de autonomía para valorar cada caso.

Artigo 10

As familias poderán xustificar as faltas desde Abalar engadindo o texto e/ou a imaxe do xustificante documental, de ser o caso. O profesorado titor aceptará e validará, se procede, as xustificacións a través do propio Abalar ou de XADE.

As familias que non fan uso de Abalar poderán empregar o Modelo de xustificación de faltas de asistencia dispoñible na Conserxería ou na web do centro, xunto coa documentación adicional que sexa necesaria en cada caso, e achegalo á persoa titora. Nestes casos, o profesorado titor deberá rexistrar a xustificación en XADE e custodiar a documentación.

As faltas de asistencia deben ser xustificadas perante o profesorado titor nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se produza a reincorporación ao centro. Calquera xustificación fóra de prazo non será admitida salvo causa de forza maior, debidamente xustificada, que o impida.

Artigo 11

No caso de que un/unha alumno/a incurra nunha situación de absentismo escolar, porase en marcha o protocolo correspondente.

No caso do alumnado de Formación Profesional, a acumulación de faltas inxustificadas darán lugar a amoestación por escrito e, finalmente, poderán conducir á perda do dereito a avaliación continua, o que suporá a perda dos aprobados nas avaliacións anteriores, ou a baixa de oficio dacordo co disposto na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Para realizar o cómputo de faltas inxustificadas, consideraranse catro retrasos como unha falta inxustificada.

Non serán obxecto de corrección as inasistencias a clase dos alumnos de 3º e 4º de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Educación para Adultos cando estas se produzan por exercer o dereito de reunión nos termos previstos no punto 5 da disposición final primeira da Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa e fosen debidamente comunicadas á Dirección do centro dacordo co establecido nestas normas.

Artigo 12

Tanto o profesorado como o persoal de administración e servizos teñen a obriga de comunicar as ausencias previamente, sempre que sexa posible, co obxecto de que a Xefatura de Estudos ou o profesorado de garda, no caso do profesorado, como Secretaría, no caso do persoal de administración e servizos, poidan adoptar as medidas oportunas. En todo caso, de producirse un imprevisto que impida a algún profesional do centro achegarse ó Instituto, deberá comunicalo o antes posible.

As faltas de asistencia deben ser xustificadas perante os correspondentes membros do equipo directivo nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se produza a reincorporación ao centro. Deberá empregarse o modelo correspondente, acompañando a documentación xustificativa de ser o caso.

A solicitude de permisos por asuntos particulares farase coa antelación indicada na normativa. Serán autorizados por orde de petición, atendendo ás necesidades do servizo.

TÍTULO III: GARDAS

Artigo 13

As gardas serán realizadas polos membros do profesorado co horario aprobado para tal fin.

Artigo 14

O profesorado de garda terá como funcións as seguintes:

- a) Atender a todos os alumnos que queden libres pola ausencia dun profesor.
- b) Velar pola orde e o bo funcionamento do instituto, especialmente nos corredores, á entrada e á saída das clases.
- c) Rexistrar as ausencias e retrasos do profesorado no libro de gardas existente na sala de profesores, asinando no espazo correspondente. Calquera modificación das anotacións realizadas deberase facer constar no apartado "observacións", non podendo facer tachaduras nin empregando corrector tippex ou similar para modificar.
- d) Resolver no acto cantas incidencias de alumnos se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera membro do equipo directivo ou ben adoptando as medidas que estime máis oportunas.

Artigo 15

O profesorado que teña asignadas gardas de recreo organizarase de xeito que se cubran todas as zonas do centro nas que é precisa a súa presenza: corredores e vestíbulo, porta de entrada e pista deportiva.

Nas gardas de custodia do alumnado transportado o profesorado organizarase de xeito que se cubran todas as zonas do centro nas que é precisa a súa presenza: porta de entrada e vestíbulo.

TÍTULO IV: NORMAS DE CONVIVENCIA

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Artigo 16

Todos os profesores responsabilizaranse do cumprimento das normas de convivencia do centro.

No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Artigo 17

O alumnado do centro debe seguir en todo momento as indicacións do profesorado e do persoal de administración e servizos. O alumnado está obrigado a identificarse cando llelo soliciten e a entregar calquera obxecto que se lle requira, tanto polo profesorado como persoal de administración e servizos.

Artigo 18

Non está permitida a captura de imaxes dentro do recinto escolar salvo que o autorice a dirección do centro. Se se toman imaxes dalgún membro da comunidade educativa, débese contar co seu consentimento expreso.

Ademais, as posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación destas normas.

Artigo 19

Non está permitido que o alumnado utilice ou teña operativo o teléfono móbil ou outros dispositivos electrónicos en todo o recinto escolar durante a totalidade da xornada escolar, incluíndo períodos lectivos e non lectivos, polo que se recomenda que non se acuda ao centro con estes aparellos. No caso de que un alumno ou alumna utilizase, tivese operativo ou levase visible un destes aparellos, actuarase dacordo co establecido no artigo 16 destas normas.

Para todos os membros da comunidade educativa, é de aplicación o disposto no punto 4 do artigo 19 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, que establece a prohibición do uso de teléfonos móbiles e doutros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Esta prohibición debe estenderse tamén, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, en aplicación do Protocolo para o uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos recollido na Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.

Considéranse como períodos non lectivos dentro da xornada escolar aos efectos de aplicación do establecido nestas normas os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Excepcionalmente a dirección poderá autorizar o seu uso como ferramenta pedagóxica. Para elo será necesaria a presentación dunha solicitude motivada por parte da persoa interesada na que, como mínimo, faranse constar o día e horas concretas nas que se levará a cabo o seu uso así como os motivos da súa conveniencia pedagóxica. A dita solicitude, que se dirixirá á dirección, presentarse cunha antelación mínima de cinco días laborais.

Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

Artigo 20

Todos debemos transitar polos corredores e polas aulas sen correr nin molestar.

Artigo 21

En todo o recinto escolar evítanse todo tipo de actuacións que resulten molestas para a normal realización das actividades académicas, ou aquelas outras que poidan ser perigosas para a integridade física das persoas ou poidan causar estragos en instalacións, xardíns, vehículos, etc.

Non está permitido o uso do pavillón ou pista exterior durante as gardas ou horas libres, excepto con autorización expresa da dirección do centro.

Artigo 22

Se un alumno ou alumna impide o normal desenvolvemento dunha clase, o profesor poderá tomar a decisión de facelo comparecer na Xefatura de Estudos ou, no seu defecto, perante o membro do equipo directivo de garda. Nese caso cumpriranse os seguintes requisitos:

- a) O profesor ou profesora que envía un alumno ou alumna á Xefatura deberá rexistrar a incidencia, no menor tempo posible, en XADE: Alumnado > faltas > faltas de conduta.
- b) No menor tempo posible, o profesor ou profesora que rexistra a incidencia deberá comunicarlle á familia, ao titor ou titora e á xefatura de estudos mediante Abalar: Accións > Incidencias aula. No caso de existir algún problema, a comunicación coa familia deberá ser telefónica.
- c) A comparecencia na Xefatura de Estudos significará a apertura dun informe que poderá dar lugar á aplicación da correspondente medida correctora.

Artigo 23

Se un alumno ou alumna rexistra un comportamento contrario as normas de convivencia fóra das aulas ou nas mesmas en ausencia do profesor ou profesora do grupo, calquera persoal responsable do centro, profesorado ou persoal de administración e servizos poderá tomar a decisión de facelo comparecer na Xefatura de estudos cumprindo cos mesmos requisitos que os descritos no artigo anterior.

Artigo 24

Para mellorar a convivencia considérase imprescindible favorecer a participación do alumnado e dos pais, nais ou titores legais dos alumnos e das alumnas. Para isto terase en conta que:

- a) O alumnado ten dereito a reunirse no centro. Para iso solicitará permiso razoado ao Director ou Directora cunha antelación mínima de 48 horas.
- b) O alumnado está representado por delegados/as e subdelegados/as de grupo así como polos seus representantes no Consello Escolar. Todos eles e elas constitúen a Xunta de delegados. Ó comezo de cada curso elixirase o/a presidente/a da dita Xunta.
- c) No IES Francisco Asorey poderán existir, asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas cos dereitos e deberes recollidos na normativa vixente.
- d) No IES Francisco Asorey poderán existir, asociacións de alumnos e alumnas cos dereitos e deberes recollidos na normativa vixente.
- e) O alumnado de terceiro e cuarto de ESO, bacharelato, formación profesional ou Educación de Persoas Adultas, que quixese exercer o seu dereito de reunión (por exemplo, no caso dunha folga) deberá comunicalo á Dirección do centro cunha antelación mínima de 48 horas. Neste suposto, cada delegado/a entregará á Dirección do centro unha listaxe co alumnado do seu grupo que se acolle a este dereito onde se indicará, como mínimo, o nome e apelidos, DNI/NIE e sinatura do alumnado xunto coa data e horario (se fora o caso) na que exercerán este dereito e o motivo do mesmo.

Artigo 25

En aplicación Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, o IES Francisco Asorey deberá proporcionar tanto as alumnas como aos alumnos unha educación para a igualdade entre mulleres e homes.

Potenciarase a figura da persoa do Consello escolar encargada da coeducación e, nas titorías presenciais, adicarase tempo a traballar especificamente este tema seguindo as pautas definidas na Xunta de Titoras e Titores.

Non se permitirá ningún comportamento sexista aplicando, cando teña lugar, a correspondente medida correctora.

Artigo 26

En aplicación do artigo 10.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo), establécense as Normas de Convivencia do IES Francisco Asorey, recollendo o disposto nesta Lei:

Os dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores, do profesorado e do persoal de administración e servizos aparecen recollidos nos artigos 6, 8 e 9 respectivamente da citada Lei.

Os dereitos e deberes do alumnado especifícanse a continuación:

a) **Dereitos do alumnado:** Recoñécenselle ó alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 20 de xuño.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

b) **Deberes do alumnado:** Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- O alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) ten a obriga de participar de forma activa no tempo de lectura obrigatoria establecido polo centro, cunha duración diaria de 20 minutos, conforme ao Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (PLEA) aprobado.

CAPÍTULO II: Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

Artigo 27

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido neste capítulo.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Artigo 28

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 41 destas normas.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o parágrafo cuarto do artigo 16 destas normas cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 29

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, injuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos no Título II destas normas.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) Saír do recinto escolar durante o horario lectivo os menores de idade.
- f) Calquera outra conduta que contraveña o disposto nestas normas de organización e funcionamento.

Artigo 30

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

CAPÍTULO III: Medidas correctoras

Artigo 31

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.

Artigo 32

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artigo 33

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas neste capítulo que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Artigo 34

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Artigo 35

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos ou ante o membro do equipo directivo que estea de garda.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Concretamente, sancionaranse con esta medida as seguintes condutas:
 - Saír do recinto escolar en horario lectivo os menores de idade.
 - Utilizar, ter operativo ou levar visible o teléfono móbil ou outros dispositivos electrónicos nos termos previstos no artigo 19 destas normas.
 - Non comparecer ante un membro do equipo directivo nos termos previstos nos artigos 22 e 23 destas normas.
 - Non identificarse ante calquera persoal responsable do centro, profesorado ou persoal de administración e servizos.
 - Realizar calquera acto de indisciplina ante calquera persoal responsable do centro, profesorado ou persoal de administración e servizos.

Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Ademais, poderán asistir ó centro para realizar as probas de avaliación que tivesen ou entregar os traballos en prazo que lle foran encomendados.

Artigo 36

Para a graduación das medidas correctoras previstas neste capítulo tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 32 destas normas.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Artigo 37

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas neste capítulo prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

CAPÍTULO IV: Procedemento para a imposición das medidas correctoras

Artigo 38

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.

Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou

actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 40 destas normas.

Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 32 destas normas.

A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 39

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 35 destas normas.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 35 destas normas.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 35 destas normas.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 35 destas normas. A imposición destas medidas correctoras comunicarse á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

Artigo 40

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados neste capítulo son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

CAPÍTULO V: Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar

Artigo 41

Para os efectos destas normas, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Artigo 42

Para a prevención e tratamento deste tipo de situacións seguiranse as instrucións do 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO VI: Procedemento conciliado de resolución de conflitos

Artigo 43

A mediación escolar é un método de resolución de conflitos mediante a intervención dunha terceira persoa, coa formación específica e imparcial, co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio.

O proceso de mediación pode utilizarse como estratexia preventiva na xestión de conflitos entre as persoas integrantes da comunidade escolar, aínda que no estean tipificados como condutas contrarias ou gravemente perxudiciais para a convivencia no centro.

Pódese ofrecer a mediación na resolución de conflitos xerados por condutas leves do alumnado contrarias ás normas de convivencia que supoñan a suspensión do dereito de asistencia ó centro por un período de un a tres días. Tamén se pode ofrecer como estratexia de reparación ou de reconciliación, unha vez aplicada unha medida correctora, para restablecer a confianza

entre as persoas e proporcionar novos elementos de resposta en situacións parecidas que se poidan producir.

Artigo 44

Para levar a cabo a resolución conciliada será necesario que o alumno (ou os seus pais ou representantes legais, se o alumno é menor de idade) acepten esta fórmula de resolución e se comprometan a cumprir as medidas acordadas.

A mediación escolar regulada neste capítulo baséase nos principios seguintes:

- a) A voluntariedade, segundo a cal as persoas implicadas no conflito son libres de acollerse ou non á mediación, e tamén de desistir dela en calquere momento do proceso.
- b) A imparcialidade da persoa mediadora que ten que axudar ás persoas participantes a acadar o acordo pertinente sen impoñer ningunha solución nin medida concreta nin tomar parte. Así mesmo, a persoa mediadora non pode ter ningunha relación directa cos feitos que orixinaron o conflito.
- c) A confidencialidade, que obriga ás persoas participantes no proceso a non revelar a persoas alleas ó proceso de mediación a información confidencial que obteñan, excepto nos casos previstos na normativa vixente.
- d) O carácter personalísimo, que supón que as persoas que toman parte no proceso de mediación teñen que asistir persoalmente ás reunións de mediación, sen que se poidan valer de persoas representantes ou intermediarias.

Artigo 45

Para chegar a unha solución conciliada que evite a tramitación dun expediente sancionador, será imprescindible a celebración dunha reunión previamente convocada, coa asistencia do xefe de estudos, que actuará como instrutor, o orientador, que actuará como mediador, e o propio alumno (ou os seus pais ou representantes legais, se o alumno é menor de idade).

En todo caso, se o alumno é menor de idade, o xefe de estudos e o orientador escoitarano con carácter previo, para coñecer o seu relato dos feitos.

Artigo 46

O proceso de mediación iniciárase por ofrecimento da dirección do centro e finaízase con acordo. Unha vez producida a conciliación e cumpridos, no seu caso, os pactos de reparación, a persoa mediadora comunicarllo por escrito á dirección. No suposto de que respecto ós feitos ós que se refira a mediación se estivera tramitando un procedemento de corrección educativa, o instrutor propondrá a terminación do mesmo con arquivo das actuacións.

Se o proceso de mediación finaliza sen acordo, ou se se incumpren os pactos de reparación por causa imputable ó alumno ou ós seus pais ou representantes legais, a persoa mediadora comunicarllo por escrito á persoa titular da dirección do centro, que iniciará o procedemento para a aplicación de medidas correctoras, no caso de que os feitos que deron lugar á posta en

marcha do procedemento de mediación sexan constitutivos de conduta contraria ás normas de convivencia.

Cando non se poida chegar a un acordo de mediación porque a persoa perxudicada non acepte a mediación, as desculpas do alumno ou o compromiso de reparación ofrecido, ou cando o compromiso de reparación acordado non se poida levar a cabo por causas alleas á vontade do alumno, esta actitude debe ser considerada como circunstancia que pode diminuír a gravidade da súa actuación, dacordo co que dispón o artigo 33 destas normas.

A persoa mediadora pode dar por acabada a mediación no momento en que aprecie falta de colaboración nunha das persoas participantes ou a existencia de calquera circunstancia que faga incompatible a continuación do proceso de mediación dacordo cos principios establecidos neste capítulo.

O proceso de mediación débese resolver no prazo máximo dos quince días naturais contados desde que se produxeron os feitos que deron lugar ó mesmo. Os períodos de vacacións interrompen o cómputo do prazo.

Artigo 47

Deixarase constancia do acordo nun documento escrito que deberá incluír, polo menos, os feitos ou condutas imputadas ó alumno, a corrección que se impón, a aceptación expresa por parte do alumno (ou os seus pais ou representantes legais), a data de inicio dos efectos da corrección e as sinaturas dos asistentes.

TÍTULO V: NORMAS DE USO DOS DISTINTOS ESPAZOS DO RECINTO ESCOLAR E DO MATERIAL DO CENTRO

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Artigo 48

Prohíbese fumar en todo o recinto escolar, segundo se establece no punto 7 do artigo único da Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Artigo 49

Prohíbese a entrada ao recinto de todo tipo de instrumentos e materiais potencialmente perigosos.

Artigo 50

Poderá denegarse o acceso ao recinto escolar a aquelas persoas alleas ás actividades, servicios e funcións do mesmo, sempre que as circunstancias o requiran.

Artigo 51

O coidado, respecto e limpeza de todo o recinto escolar é responsabilidade de toda a comunidade educativa. En consecuencia, prohíbese tirar papeis e calquera outro desperdicio agás nos contenedores destinados a tal fin.

Artigo 52

Corredores e escaleiras son zonas de tránsito, polo tanto non se pode estar neles nas horas lectivas e nos recreos. Durante o seu uso debe manterse unha actitude correcta que non entorpeza o desenvolvemento da actividade académica.

CAPÍTULO II: Aulas

Artigo 53

As aulas, talleres e laboratorios son lugares destinados ó traballo, polo tanto, é responsabilidade de todos mantelas limpas e ordenadas. O alumnado debe retirar o seu material cando abandonen os devanditos espazos, sendo o profesorado o responsable do peche

dos mesmos. Nos talleres de ciclos, tecnoloxía, plástica e laboratorios, estarán expostas as normas para o seu uso. As ditas normas serán establecidas polo profesorado correspondente e contarán co visto e prace do departamento didáctico e da dirección do centro.

Artigo 54

Dado que son un lugar de traballo, ninguén poderá comer ou beber nas aulas, podendo facelo unicamente nos espazos do centro habilitados para tal fin: patio exterior, cafetería e primeiro vestíbulo.

Artigo 55

Para evitar molestias nas aulas, durante os períodos lectivos, ninguén permanecerá nos corredores.

Artigo 56

Entre clase e clase o alumnado agardará ao profesorado dentro da aula.

Se a clase se imparte fóra da aula o profesorado irá buscar ó alumnado á aula e logo acompañarao á aula ó rematar a clase.

Artigo 57

Durante o tempo de lecer o alumnado non permanecerá nin nas aulas nin nos corredores, tampouco no wc. Se os alumnos ou alumnas tiveran algunha actividade na aula durante ese período será cun profesor ou cunha profesora responsable que llo comunicará aos conserxes.

Artigo 58

Durante o período de clase o profesorado e o alumnado permanecerán na aula. Polo xeral non se poderá saír da aula antes de que soe o timbre, mesmo durante os exames, salvo que o alumnado co seu profesor ou profesora precisen traballar noutro lugar.

Artigo 59

Ao rematar as clases diarias pecharanse as ventás e persianas. Ademais os alumnos, que teñan clase na planta baixa, deixarán pechadas as ventás antes de saír ao recreo. Estas tarefas serán supervisadas polo profesorado que imparta clase neses períodos lectivos.

Ademais, para facilitar as tarefas de limpeza o alumnado e profesorado deixará a cadeira enriba do pupitre ó rematar as clases diarias.

CAPÍTULO III: Aseos

Artigo 60

Os aseos non son lugares de reunión, utilízalos como tal é unha falta de respecto ao resto dos compañeiros. A súa limpeza e bo estado é responsabilidade de todos.

Non se permitirá o uso dos aseos durante o desenvolvemento das clases, agás en casos de xustificada necesidade e sempre de xeito individual. Durante os recreos, o alumnado deberá utilizar exclusivamente os aseos situados na planta baixa. A porta exterior dos aseos deberá permanecer aberta en todo momento.

CAPÍTULO IV: Biblioteca

Artigo 61

A biblioteca é un espazo destinado ó traballo, consulta, estudo individual ou colectivo, coidando que o traballo en grupo non produza alteracións que supoñan prexuízo para os demais usuarios. É obriga dos profesores de garda a atención da biblioteca, sempre que a cobertura das ausencias do profesorado o permita. En ningún caso un alumno pode estar só na biblioteca.

Artigo 62

Non se poderá xogar, nin consumir alimentos nin bebidas na biblioteca.

Artigo 63

Os libros de lectura son os únicos que poden ser obxecto de préstamo. O seu empréstito será rexistrado polo profesorado de garda na biblioteca no libro destinado a esta función. A devolución será nun prazo de quince días. Se se precisa máis tempo debe renovarse o préstamo. Cada trimestre farase un control de libros non devoltos co fin de tomar as medidas oportunas.

No caso de que os materiais non sexan devoltos no prazo indicado ou sexan entregados deteriorados por un uso inadecuado, o alumno/a responsable ou as súas familias/titores legais no caso de menores de idade, deberán facerse cargo da súa reposición mediante a entrega dun exemplar novo.

Os libros e revistas prestados pola biblioteca escolar para a realización da lectura obrigatoria establecida no plan PLEA deberán ser devoltos polo alumnado no prazo e nas condicións establecidas.

As enciclopedias e demais libros de consulta non poden ser sacados do instituto. Cando un libro sexa levado a unha aula para consulta, será rexistrado igualmente.

Procurarase que na biblioteca haxa un xornal a disposición do alumnado.

Artigo 64

Os ordenadores da biblioteca serán vixiados polos profesores de garda na mesma, debendo anotarse no libro de rexistro existente para tal fin o curso ou alumno que o empregou así como o profesor responsable.

Artigo 65

O horario de apertura da biblioteca elaborárase cada ano no comezo do curso tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado.

CAPÍTULO V: Sala de profesores

Artigo 66

Na sala do profesorado atópase información sobre o alumnado que pode considerarse confidencial (probas, cualificacións...) para evitar que dita información se faga pública non se permitirá na mesma atender reclamacións, dar notas, facer exames nin recibir ao alumnado ou ás súas familias.

Artigo 67

Se un alumno/a ou o seu pai, nai ou titor legal desexan poñerse en contacto cun docente, que se atope na sala do profesorado, farano a través dos conserxes.

CAPÍTULO VI: Cafetería

Artigo 68

Na cafetería do Instituto rexerán todas as normas establecidas no presente documento, debendo os usuarios da mesma respectalas e facelas cumprir como nas demais dependencias do Instituto. A consumición de comidas e bebidas farase neste espazo, aínda que tamén se pode comer nos espazos abertos e no primeiro vestíbulo.

Artigo 69

Os usuarios, as usuarias e as persoas encargadas do servizo evitarán que poida producirse calquera tipo de discusión ou altercado.

De xurdir algún conflito entre as persoas usuarias da cafetería o adxudicatario da mesma ou as persoas que presten servizo nela poderán ordenar aos implicados no mesmo o abandono do recinto, debendo comunicar o sucedido á Dirección do centro, que resolverá segundo a gravidade dos feitos.

Artigo 70

A Dirección do Instituto resérvase o dereito de admisión na cafetería, podendo impoñer restricións sobre o seu uso incluso ós membros da comunidade escolar.

O alumnado non poderá acceder á cafetería durante os períodos lectivos nin nos cambios de clase, agás por razóns de indisposición, ou con permiso expreso do profesorado responsable.

Artigo 71

Poderá xogarse a xogos de mesa (parchis, xadrez, damas...) excepto ás cartas, quedando os demais xogos prohibidos.

CAPÍTULO VII: Salón de actos

Artigo 72

As normas de comportamento no salón de actos son as mesmas que na aula.

Artigo 73

Os actos culturais xerais terán prioridade sobre o resto das actividades.

Artigo 74

Haberá un rexistro na sala do profesorado onde se apuntarán con antelación as actividades que se van desenvolver.

Non poderá reservarse o salón de actos para actividades que se poidan realizar noutro espazo do centro.

Artigo 75

Cando haxa actividades no salón de actos e para evitar molestias, ninguén poderá permanecer no espazo que rodea ó mesmo, salvo por razóns de traballo, en cuxo caso manterase a orde co fin de permitir que se desenvolva a actividade con total normalidade.

Tampouco se poderá entrar ou saír do Salón de Actos unha vez iniciada unha actividade, salvo por razóns de forza maior debidamente xustificadas.

CAPÍTULO VIII: Patios

Artigo 76

Na zona exterior do IES Francisco Asorey manterase a orde e limpeza igual que en calquera outra parte do centro. Todos temos o deber de coidalo.

CAPÍTULO IX: Aparcadoiro

Artigo 77

No aparcadoiro circularase á velocidade marcada no Código da Circulación, é dicir, á velocidade de paso do peón.

Será conducta sancionable a conducción temeraria e outros usos indebidos de todo tipo de vehículos. Independentemente doutro tipo de medidas que se poidan tomar.

Artigo 78

Para evitar riscos e accidentes, o alumnado non poderá estar no aparcadoiro.

Artigo 79

Non poden ser usados como espacio de aparcamento as zonas verdes e as zonas de tránsito.

CAPÍTULO X: Pavillón

Artigo 80

Co obxecto de que o alumnado poida practicar actividade física nos recreos, facilitarase o uso do pavillón sempre e cando se cumpran as normas que se establezan para o bo desenvolvemento das actividades e a boa marcha do centro.

TÍTULO VI: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Artigo 81

Segundo a lexislación vixente, terán carácter de actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado no horario lectivo e que formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan, e teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo Centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. e figurando na Programación Xeral Anual se realizan fóra do horario lectivo.

Artigo 82

Calquera que sexa o tipo de actividade extraescolar e complementaria, e independentemente do lugar onde se realice, son de plena aplicación as normas que rexen no centro que son recollidas nestas normas.

Artigo 83

Os departamentos deberán presentar a principio de curso unha programación das actividades complementarias previstas. Isto non impedirá que poidan propoñer algunha actividade extraescolar ó longo do curso, que polas circunstancias do seu interese e oportunidade non puidese ser contemplada na devandita programación. Neste suposto, deberá ser solicitada á dirección do centro con antelación suficiente, entregando un sinxelo proxecto e memoria da mesma.

Para enriquecer as actividades e optimizar o interese das mesmas, procurarase abranguer máis dunha area de coñecemento. Iso non implica necesariamente a presenza de profesorado de distintas áreas, senón a presenza de contidos das mesmas.

Deberá garantirse a equidade entre os distintos grupos e niveis do centro á hora de programar e distribuir estas actividades, para o cal tratarase nunha reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica a principio de curso.

Artigo 84

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais, nais ou titores legais sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ós alumnos e alumnas que non participen nelas. Procederase, sempre que sexa posible, do seguinte xeito:

- a) Levarase a cabo o seu agrupamento por niveis se é posible.
- b) Se é posible modificaranse os horarios do profesorado implicado para poder atender axeitadamente ao alumnado agrupado.

- c) O resto das horas o dito alumnado será atendido polo profesorado de garda.
- d) O profesorado do departamento organizador preparará tarefas relacionadas coa actividade programada que serán avaliadas do xeito oportuno.

En calquera caso, a realización de calquera actividade extraescolar estará supeditada á participación de polo menos o 60 % do alumnado ó que vai dirixida.

Artigo 85

Cando, por calquera razón, se teña que elixir entre distintas actividades seleccionárase a actividade proposta polo departamento que teña menos actividades nese nivel, en caso de igualdade seleccionárase a actividade do departamento que teña menos actividades noutros niveis ou aquela cun período (mes) no que estean programadas menor número de actividades.

Artigo 86

Dadas as súas especiais características a participación do alumnado nas actividades extraescolares e complementarias estará condicionada á madurez do mesmo polo que a actitude amosada por un alumno ou unha alumna ao longo do curso poderá ser determinante para a súa exclusión das referidas actividades. Asemade se durante o desenvolvemento dunha actividade un alumno ou unha alumna se comportase de forma inadecuada será excluído das demais actividades a realizar a partir dese momento.

Artigo 87

O alumnado participante en calquera actividade extraescolar e complementaria, presentará sempre unha autorización escrita asinada polo pai, nai ou titor legal. Os maiores de idade asinarán un impreso no que manifesten que viaxan baixo a súa responsabilidade. Non se permitirá a participación do alumnado que non cumpra estes requisitos.

Artigo 88

O profesorado que organice unha actividade será o responsable de:

- a) Cubrir o formuláριο de BoxAbalar para comunicar a actividade á Vicedirección.
- b) Coordinarse co profesorado que imparta clase durante o horario da actividade (verificar que non coincida con probas de avaliación)
- c) Asegurar a dispoñibilidade de profesorado acompañante en caso de saídas.
- d) Solicitar a autorización correspondente
- e) Elaborar a lista de alumnado participante e profesorado acompañante e entregala á vicedirección, xunto coas autorizacións asinadas e as achegas económicas (se procede) alomenos 48 horas do inicio da actividade.
- f) Ao finalizar, remitir fotos, vídeos e unha breve descrición para as redes sociais.

Artigo 89

O profesorado ten a obriga de acompañar ó alumnado co cal tivese clase cando o desenvolvemento de calquera actividade complementaria tivese lugar no centro (salón de actos, pistas deportivas, etc.).

TÍTULO VII: EMERXENCIAS

Artigo 90

Os pais, nais ou titores legais dos alumnos comunicarán ó centro, no momento da matrícula, un teléfono de contacto no que estarán sempre localizables, que permita poñer no seu coñecemento calquera circunstancia relacionada co seu fillo/a.

Artigo 91

Sería desexable que os pais, nais ou persoas coa titoría legal dos alumnos comuniquen ao centro no momento da matrícula, as enfermidades e/ou patoloxías que padezan os seus fillos/as e que poidan requirir coidados especiais.

Artigo 92

En caso de indisposición ou accidente dun alumno o procedemento de actuación a seguir será o seguinte:

a) Asegurar a zona onde se produíu o accidente para prever novos danos ou complicacións e valorar a gravidade da situación

b) Avisar á dirección do centro sobre o feito. Segundo a gravidade do caso o membro do equipo directivo de garda optará por:

- En casos que aparenten gravidade:

1. Contactar cos servizos de emerxencias oportunos (112 ou 061) e seguir as súas indicacións.

2. Avisar ao pai, nai ou titor legal do alumno.

- En casos de menor gravidade e sempre que os pais do alumno non poidan vir a recollelo, un profesor de garda acompañarao ó Centro de Saúde ben sexa no transporte sanitario do 061 ou, no seu defecto, nun taxi.

c) Atender ó alumno accidentado ou indisposto na medida do posible.

TÍTULO VIII: PROBAS ESCRITAS

Artigo 93

Dacordo co establecido no artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o pai/nai/titor legal dun alumno ou alumna, se este fora menor de idade, ou o propio alumno ou alumna, se fora maior de idade, ten dereito a obter copia das probas escritas que teña realizado unha vez estas sexan corrixidas.

Artigo 94

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a persoa interesada en obter a copia dunha proba escrita deberá deixar constancia de tal feito na secretaría do centro, presentando unha solicitude por escrito dirixida ó profesor da materia correspondente onde deberá precisar a proba ou probas das que queira obter copia.

Artigo 95

A persoa interesada deberá deixar constancia na secretaría do centro da recepción da copia da proba ou probas escritas solicitadas mediante a sinatura do recibí correspondente.

TÍTULO IX: REUNIÓN S

Artigo 96

Como parte do procedemento de rexistro das cualificacións en XADE previo á sesión de avaliación, todo o profesorado deberá colocar as cualificacións e as lupas que correspondan en XADE de forma previa (mínimo 48 horas) á avaliación.

Artigo 97

Cada órgano de coordinación docente acordará se manterán reunións telemáticas por maioría dos seus membros –co voto de calidade da persoa xefa ou responsable do órgano en caso de empate– se emprega este tipo de modalidade.

En caso de acordarse empregar esta modalidade deberán cumprirse estes aspectos:

- Para a conexión a distancia empregaranse aplicacións corporativas ou postas á disposición pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como Falemos (<https://falemos.edu.xunta.gal/>) ou Webex (<https://eduxunta.webex.com/>).
- As persoas participantes nas sesións telemáticas deberán dispoñer de medios tecnolóxicos propios e atoparse nunha localización adecuada para establecer unha conexión de calidade audiovisual durante toda a duración da sesión
- Para facilitar a participación e a identificación de todas as persoas participantes, será necesario que eses medios tecnolóxicos dispoñan de cámara, altofalante e micrófono.

TÍTULO X: COMUNICACIÓN ELECTRÓNICAS

Artigo 98

A comunicación de faltas por parte do centro e a súa xustificación documental por parte das familias realizarase preferentemente a través da aplicación Abalar. Así mesmo, o persoal do centro poderá enviar avisos e incidencias individuais ou colectivas a través do mesmo sevizo.

Os apercibimentos e comunicacións oficiais de perdas de dereito á avaliación continua e de baixa de oficio realízanse preferentemente a través do sistema de información Abalar ou a aplicación AbalarMobil.

As cualificacións académicas de cada avaliación serán publicadas en Abalar.

Será responsabilidade do alumno/a, pai, nai ou persoa que teña a titoría legal de facilitar no momento da matrícula o teléfono de contacto actualizado e instalar a aplicación AbalarMobil. No caso de non querer empregar as comunicacións mediante a aplicación Abalar, deberán solicitalo por escrito no momento de realizar a matrícula.

Artigo 99

As comunicacións oficiais internas e externas deberán realizarse exclusivamente a través das ferramentas corporativas fornecidas pola Consellería.

Será preciso que o persoal do centro consulte durante os días lectivos o correo electrónico corporativo e a plataforma Abalar, pois serán as vías principais de transmisión dos comunicados.